

PUESTO DE TRABAJO	NÚMERO
Trabajadora Social	1
Auxiliares ayuda a domicilio	8
Limpiadoras	2
Agente de empleo y desarrollo local	1
Orientador laboral	1
Peones	5
Conductor	1
Tractorista	1

Contra la aprobación definitiva del presupuesto se podrá interponer recurso contencioso administrativo ante el Juzgado Contencioso –Administrativo de Lugo, en el prazo de 2 meses que contará desde el día siguiente al de publicar el presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Cervantes, 12 de enero de 2015.- EL ALCALDE-PRESIDENTE, Benigno Gómez Tadín

R. 0073

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo nº 14/946 de modificación dos acordos da Xunta de Goberno Nº 12/842 e Nº 12/33, adoptados nas sesións ordinarias celebradas os días 20.11.2013 e 22.01.2014, respectivamente polos que se designaron os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, que quedará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

- D. José María González Rodríguez, Técnico (Xefe do Servizo de Urbanismo) do Concello de Lugo.
Suplente: D.^a Covadonga Honrado Honrado, Técnica (Xefa do Servizo de Licenzas) do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Concello de Lugo.
Suplente: D. José María Seijas Fernández, Aparellador (Adxunto de Servizo) do Concello de Lugo.
- D. Santiago Puentes Colorado, Arquitecto (Xefe do Servizo de Arquitectura) do Concello de Lugo.
Suplente: D. Julio César Lamas Pardo, Aparellador (Xefe de Sección) do Concello de Lugo.
- D. Pablo Fuentes Failde, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (Xefe do Servizo de Enxeñería) do Concello de Lugo.
Suplente: D. Antonio López Iglesias, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xefatura territorial de Economía e Industria de Lugo.

Secretario:

- Don José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.
Suplente: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Lugo, 2 de xaneiro de 2015.- O Alcalde, José Clemente López Orozco

R. 0057

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10 de decembro de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 9 - IMPRESIÓN DIXITAL-RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO. LICITACIÓN DO LOTE 8.-ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO.**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.-Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.-Obxecto do contrato.**a) Descrición do obxecto:**

O obxecto do presente contrato é contratar a entidades ou empresas para impartir a docencia especializada das horas teóricas (formación específica) da acción formativa seguinte:

LOTE 8.-ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

Ver cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas

b) Prazo de execución: As accións formativas realizaranse dende a data de formalización do contrato administrativo, 5 horas/día en horario de mañá e/ou tarde dende a data de inicio de acción formativa ata a data de remate de cada unha e que non excedera de marzo 2015

3.-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.-Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato para os catorce lotes incluídos ascende á cantidade de 104.586,78 euros polo que incluído o IVE (21 %) 21.963,22 euros resulta un presuposto total de 126.550 euros IVE incluído (CENTO VINTESEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS), correspondendo a este lote o seguinte orzamento:

LOTE 8.-ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO: 11.900,83 euros máis o IVE (21%) -2.499,17 € resultando un total de 14.400 €

5.-Garantías:

a) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.-Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade ec.p.: Lugo, 27002

d) Telefonos: (982) 29-71-45, 29-73-27

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.-Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións

8.-Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación; 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): 2 meses.

9.-Apertura das ofertas.

a) Entidade: Centro de Servizos Municipales

b) Domicilio: Ronda Muralla 197-3ª planta

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.-Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.-Gastos dos anuncios: 164,06 euros que serán par conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 17 de decembro de 2014.- O ALCALDE, A OITAVA TENENTE DE ALCALDE EN SUBSTITUCIÓN DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN.- Rosana Rielo Rozas

R. 0058

AS NOGAIS

Anuncio

Polo Pleno do concello, en sesión celebrada o día dous de xaneiro de dous mil quince, acordouse, a adhesión deste Concello ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado-FACE.

Asimesmo acordou a exclusión da obriga de presentar factura electrónica naquelas facturas inferiores a 5.000,00 Euros.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido na Disposición Adicional 6ª da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

As Nogais, a 5 de Xaneiro de 2015.- O ALCALDE, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 0050

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de decembro de 2014 a "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais" deste Concello, de conformidade co disposto no apartado b) do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Palas de Rei, 2 de xaneiro de 2015.- O Alcalde, Pablo Taboada Camoira

R. 0051

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Palas de Rei, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de decembro de 2014 a "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga" deste Concello, de conformidade co disposto no apartado b) do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Palas de Rei, 2 de xaneiro de 2015.- O Alcalde, Pablo Taboada Camoira

R. 0052
